

ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

CONTÉN:

Editorial.

Conceito e sentimento da Patria nos
Evanxeus, *por A. das Casas.*

Nacionalismo galego, *por V. Risco.*

Os camiños dos homes e os cami-
ños de Deus, *por Aquilino Iglesias
Alvariño.*

Consiñas do bon galego, *por Lois
Ulloa.*

Cróneca de Valenza, *por R. Moroder.*

Galiza

N.º 6

Nadal

1934

Prezo: dous reás

RG 1/4

Fundo Pardo Pardo

ACADEMIA XELMÍREZ

Colexio Residenza

Conga, 9 e Xelmírez, 11 - Teléf. 1236 - Apartado 20

SANTIAGO

Profesorado Tiduado

Todal-as habitazóns da residencia están no colexio e teñen luz directa, auga corrente e timbres eléctricos. coartos de baño e duchas.

Biblioteca, gabinete de Física, laboratorio de Química. Seizón de deportes.

R. Rodríguez Somoza

ESPECIALIDADE

EN DOENZAS MENTÁIS



Huérfanas, 21

SANTIAGO

F. Barreiro Salas

Périto Agrícola



Campo do Gayo, 14 - SANTIAGO

Librerías Porto

Libros de Texto

pra total-as Facultades

i-Escolas Especiais.

Libros de Consulta, Estudos e Recreo.

Biblioteca de utilidade práctica.

PRAZA DE CERVANTES, 12

Teléfono 1223

RUA DO VILLAR, 16

Teléfono 1123

Apartado de Correos, 9

SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAFÉ «DERBY»

Huérfanas, 20 :: SANTIAGO

Propietario :

Santiago Suárez Ortoño

onde se gusta o millor café

: da cidade :

Xohan Xesús González

ABOGADO

Matriculado nas Audencias
da Cruña e Pontevedra



RUA NOVA núm. 46 - 1.º

SANTIAGO

ALENTO

BOLETÍN
DE ESTUDOS
POLÍTECOS

N.º 6 - NADAL DO 1934

DIREIZÓN: ALGALIA DE ARRIBA, 35-1.º - SANTIAGO

Visado pol-a censura militar

Entramos nun novo período constituínte. Esquerdas e dereitas sinalan as suas trincheiras de loita en col destes ou daqués artigos. As dereitas, por enriba de calqueira preocupazón relixiosa, moral ou económea, punan por unha nova defñición da Hespaña dacordo cos conceptos imperiás dos Austrias; as esquerdas non sinten a emozón verdadeira dunha nova estruturazón do Estado: chegan a posizóns lindeiras co-as nosas simplemente por táiteca. *Hespaña é unha nazón...; o Estado hespañol fica composto por difrentes nazonalidás...*

Unha vegada máis amóstrase cómo o sentir e comprender a Galiza *ainda* está por enriba de calesqueiras outras preocupazóns, e cómo pra defendela percísase unha liña de loita na que poidan pelexar os homes das máis difrentes e opostas ideoloxías.

CONCEITO E SENTIMENTO DA PATRIA NOS EVANXEUS

Acostuman moitos católecos, que non queren cismar o debido na vida de Xesús e na doitriña da súa Eirexa, a esbardallar en col do sentimento da pátreia suxeitos a dúas conceizóns manifestamente trabucadas e dende logo opostas á rexa doitriña da verdadeira catolicidade. Ou non entenden o senso ecuménico da cristiandade e se poñen no pran dun cosmopolefismo incompatíbre co respecto que Roma sinte e amostra, non soio a todos e cada ún dos pobos, senón a cada ún dos seus aspeitos étnicos máis miudos (conmoverá eternamente a defensa feita pol-o Cardeal Mercier da independencia belga e a aitude de Benedicto XV con respecto ao inesquecible filósofo), ou confonden nun mesmo sentimento estado e nazón, erguéndose nun nazonalismo de tipo xermánico que á final remata sempre, como no caso da Alemaña, condeado pol-a xerarquía. Velef o caso dos católecos franceses do agrupamento de *La Croix* fronte á catolicidade dos autonomistas alsaciáns.

A nazón, entidade natural, comunidade de homes que viven nun área xeográfica percisa mantendo un vieiro histórico propio e xuntos pol-a ligazón da língoa, da relixión, de costumes, dun dereito peculiar, etc., enxendra un sentimento, eu diría tamén un istinto —patriotismo— en todol-os que foron nados nela, que soio gabanzas ten merescido nos vinte séculos de historia da Eirexa. Pro aínda hai máis: i-é que estes feitos —nazón, pátreia— aparecen a colfo consagrados nos Evanxeus, e non soio com-unha realidade históreco-xeográfica, senón espertando mágoas, arelas, pesadumes e preocupazóns que van misturadas no sentimento humán como unha das suas forzas sustanciás. E sinalemos, na vida de Xesús que vou a grosar a través dos evanxelistas, esta súa condizón humán, que non soio o fixa na súa calidade de grande e maraviosa figura histórica,

senón na súa natureza nazarena (1), dogmáticamente diferente aínda que subordinada a súa divindade. Xesús, é un home de carne e hoso con trinta e tres anos dunha vida que decorre suxeita a todas as condicións dun país, dunha época e dunha raza determinadas; os Evanxeos refrean esta realidade encheitos de localismos, recentes de hebraísmo.

A cotío percísase ben, con téima, a pátreia de Xesús e non aquela aldeñia onde nasce —Belén— senón aquele outro lugar onde pasa os seus primeiros anos, onde se vai facendo home, onde están os seus, onde traballan os pais —Nazaret— nun empadramento por dereito de sangue ben dacordo co-as máis limpas eixixenzas xurídicas: veu vivir en Nazaret, dí San Mateo (2), «cumpríndose desta maneira o dito dos Profetas: será chamado *Nazareno* (3) e Xesús con orgullo recoñócese nazareno cando os soldados o van a prender (4), e nazareno se lle chama na carteleira que con bulra lle poñen na cruz procramándo-o rei dos xudeus (5) en hebreu, grego e latín pra que millor o entendan todos. Esta é a súa pátreia (6), a súa razón (7), o seu pobo (8), tan seu, que cando vai ao país de Tiro e de Sidón, e lle sae unha cananea pregándolle compasión, e

(1) Unha personalidade e dúas naturezas: o principium quod e o principium quo.

(2) Capítulo 2, vers. 23.

(3) Na campa de Xesús o Anxo pregunta ás santas mulleres: «vindes buscar a Xesús Nazareno?» (S. Marcos, cap. 16, vers. 6). «Ti tamén andabas con Xesús Nazareno», acusan a San Pedro as criadas do Sumo sacerdote (S. Marcos, cap. 14, vers. 67). «Qué temos nós que ver contigo, Xesús Nazareno?», berra o endiañado da sinagoga (S. Marcos, cap. 1, vers. 24 e S. Lucas, cap. 4, vers. 34). «É o profeta de Nazaret de Galilea», din d-Ele as xentes (S. Mateo, cap. 21, vers. 11). «És ti acaso galileo como Ele», pergúntanlle a Nicodemo (S. Xohan, cap. 7, vers. 52).

(4) S. Xohan, cap. 18, vers. 5.

(5) S. Xohan, cap. 19, vers. 19 e 20; S. Lucas, cap. 23, vers. 38.

(6) «... foise á súa pátreia seguido dos seus discípulos» (S. Marcos, capítulo 6, versículo 1).

(7) «Pra que a esta razón se lle pidan contas do sangue de todos os profetas» (S. Lucas, cap. 11, vers. 50); «... razón infel e incrédula» (S. Lucas, cap. 11, versículo 30); «... a raíña do Meiodía se erguerá no día do xuízo contra os homes desta razón» (id. id., vers. 31), e os habitantes de Ninive comparecerán tamén «contra esta razón» (id. id., vers. 32). Cando un román, o Centurión, prega pol-a curazón do seu servo doente, os xudeus —en estado de coloniaxe dende a conquista de Pompeio— recoméndano asegurando que o eistranxeiro e colonizador «é afeito á nosa razón» (S. Lucas, cap. 7, vers. 5).

(8) «... o caudillo que rixa meu pobo de Israel» (S. Mateo, cap. 2, vers. 6); «Nós adouramos ao que coñecemos porque a saúde, ou Salvador, procede dos xudeus» (S. Xohan, cap. 4, vers. 22), «pois Ele é o que ha salvar ao seu pobo» (S. Mateo, cap. 1, vers. 21). «Esta raza de homes é unha raza perversa» (S. Lucas, capítulo 11, versículo 29).

os discípulos a recomendan ao Maestro, Xesús dilles: «Eu non son mandado senón ás ovellas escarriadas do casal de Israel» (9).

Xesús ama apaixonadamente aos seus compatriotas: despóis da conversa de Felipe de Betsaida con Natanael, cando éste vai procurar con ardentía ao Salvador, Xesús ao ollalo asegura que é «un verdadeiro israelita no que non hai dobréz nen engano» (10); fállalles lembrando aos antergos (11), seus difos e suas costumes; vai recorrendo total-as cidades e vilas (12) e campos, onde os seus parentes e amigos labouran as herdades, tan ben queridas que lles dí: «onde está voso tesouro, alí fica tamén voso corazón» (13); olla a paisaxe con lediza imensa, e por veces defense a reparar nas froles (14) máis sinxelas e dí aos que escoitan conmovido: eu asegúrovos que nen Salomón, con toda a sua mañificenza, endexamáis vistíu como unha destas froles; fai na sua terra seu primeiro milagre (15), e no intre en que gosta de curar a un cego, dando a máisima forza ao símbolo, chuspe e fai lama co-a terra —a terra de Xudea que leva sempre como metida no seu corazón— e pónlla nos ollos ao coitado (16) que entón vé; sinte como suas as tristuras dos seus veciños, e por intres, como no milagre da resurreizón de Lázaro, ao ver «chorar tamén aos xudeos que o arroteaban, estremécese na sua ialma e contúrbase a sí mesmo» e arrásanselle os ollos en bágoas (17), e feito o prodixio agradece ao Pai que ouviu os seus desexos «por razón deste pobo que está arredor de mín» (18); pra recollerse en orazón escolle casi sempre un recanto na campía, e cando ten de eispricar as parábolas procura casi sempre comparazóns cos traballos labregos, e cando ten que sinalar aos que non son aitos pra o reiño de Deus dí que son como o traballador que co-a man no arado volta os ollos atrás; fala das sinás do fin do mundo e dí que se ollarán «como o frolecer dos árbres na primaveira» (19), e no intre estraordinario no que estrabéz a Eucaristía, na cea derradeira, dase aos seus discípulos en corpo e sangue, no pan e no viño, e logo,

(9) S. Mateo, cap. 15, vers. 21 a 25.

(10) S. Xohan, cap. 1, vers. 47.

(11) S. Mateo, cap. 5, vers. 21.

(12) S. Mateo, cap. 9, vers. 35.

(13) S. Lucas, cap. 12, vers. 34 e S. Mateo, cap. 6, vers. 21.

(14) S. Mateo, cap. 6, vers. 29 e S. Lucas, cap. 12, vers. 27.

(15) S. Xohan, cap. 2, vers. 11.

(16) S. Xohan, cap. 9, vers. 6.

(17) S. Xohan, cap. 11, vers. 33 e 35.

(18) S. Xohan, cap. 11, vers. 42.

(19) S. Lucas, cap. 21, vers. 29 e 30.

encheito de tristuras imensas, engade «de hoxe máis non beberéi de este froito da vide» (20), e semella que lembra toda a súa vida: os anos de cativo a xogar pol-os curros veciños, entre as palmeiras lanzás; os anos de mozo, a parolar baixo os ácios, ouvindo o zoar soñolento das abellas; logo, xa home feito, légoas e légoas pol-os areás, de vila en vila e de cidade en cidade, ensinando sempre o camiño da verdade e da vida, uns acougos breves rente dun pozo, na soma resexá dunha figueira e a lediza daquel milagre das bodas cando se rematara o viño do convite. Xesús sinte, a cada intre e con maior tristura nos intres derradeiros, toda a intensidade, toda a forza, a íntegra valorización do seu paísaxe nativo, a xeografía da súa nazón amadísimá que lle sabe diferente de todal-as outras nazóns do mundo.

As difrenzazóns nazonás latexan a coffo: «Cómo sendo xudeu prégasme de beber a mín, que son samarítán?», pergúntanlle un día (21), «porque os xudeus non se aveñen con nós», e hastra os discípulos estránanse de que fale con aquela muller (22), mais de Xesús xa se sospeita que poida ire «quizáes por entre as nazóns espalladas pol-o mundo, a predicar aos xentís» (23); o mesmo demo amostroulle todol-os reñíos do mundo e a groría deles, cando o subíu ao máis outo dunha montana (24); Isafís predixo (25) que lle anunciaría a xustiza «a todal-as nazóns» tratadas con imperio pol-os reises (26), pois é o destiñado pra que, «eispostio aos ollos de todol-os pobos» sexa luz brillante e salvadora (27); en todas elas será eispricado o Evanxeu (28) e os apóstolos, ao predicalo, serán levados «diante os gobernadores e os reises, pra dar testimoño de mín a eles e ás nazóns» (29). Xesús comprende o receio e o medo daqueles coitados pescadores, mensaxeiros da verdade, e dílles: «nos vos dé anguria de cómo é o que tendes de falar» (30), pois os coitados maxínanse incertos diante eistranos que non comprenden a súa fala

(20) S. Marcos, cap. 14, vers. 25; S. Lucas, cap. 22, vers. 16 e S. Mateo, cap. 26, versículo 29.

(21) S. Xohan, cap. 4, vers. 9.

(22) S. Xohan, cap. 4, vers. 27.

(23) S. Xohan, cap. 7, vers. 35.

(24) S. Mateo, cap. 4, vers. 8; S. Lucas, cap. 4, vers. 5, 6 e 7.

(25) S. Mateo, cap. 12, vers. 18.

(26) S. Lucas, cap. 22, vers. 25; S. Marcos, cap. 10, vers. 42.

(27) S. Lucas, cap. 2, vers. 31.

(28) S. Marcos, cap. 13, vers. 10.

(29) S. Mateo, cap. 10, vers. 18.

(30) S. Mateo, cap. 10, vers. 19.

e cos que non teñen aínda verba pra entenderse. Distingue, sinala ben, percisa, a comunidade natural dos homes e os homes orgaizados pol-os seus intreses, a nazón e o estado, e anunciando o fin do mundo, dí: «armarásese nazón contra nazón e reiño contra reiño» (31); e incita á mútua comprensión dos pobos, tan craro naquele pasaxe no que eisprica o concepto de *próximo* a un doitor da Ley cando, sinalado o home piedoso, engade pra eisempro dos seus «de nazón samaritano» (32) pra que vexan cómo a virtude pode lostregar en calquer humán.

Seus connacionás, os xudeus, non lle poden merescer tantas gabanzas aínda que sí moito máis amor, un amor desbordante de infindas tenruras. Cando lles eisprica na sinagoga, óllanse sorprendidos, desconfiados, os ollos tinguídos nun bafo de envexa: «onde lle ven a éste tal sabiduría e taes miragres?», pergúntanse (33), «non é o fillo do carpinteiro? a nai, non é aquela que lle chaman María? non son seus parentes Santiago, Xosé, Simón e Xudas? e as suas parentas, non viven entre nós?» (34). Un profeta endexamáis é ollado con venerazón «na sua pátreas», endexamáis é ben recibido nela (35).

Estoupa rexo, xurdio, impracabre o probrema político. Xa ben denantes, en Gamala, perto de Nazaret, o xefe dos zelotes negara obediencia a Roma, entrara subrevado no arseal de Séforis, apañara as armas e puxérase en loita contra os escravizadores, mais vencido pol-o xeral Varus fora crucificado con máis de dous milleiros de patriotas. Alá no fondo dos que non acertan a ollar a Diviñidade latexa soio unha preocupazón arredista. Será éste como aquele Xudas de Séforis? Os reises magos, apenas nado o Nazareno, procurábane perguntando pol-o rei dos xudeus (36), e os pontífices e os fariseus, medofentos con tantos miragres, decíanse: «si o deixamos esí todos acreditarán n-Ele, e virán os románs, e arruinarán nosa cidade e a nazón» (37). Teñen medo. Caifás razoa esí: «que morra un soio home pol-o ben do pobo e que non pereza toda a nazón» (38). Que o mordan os cáns denantes que as lexións inva-

(31) S. Marcos, cap. 13, vers. 8; S. Mateo, cap. 24, vers. 7 e S. Lucas, cap. 21, versículo 10.

(32) S. Lucas, cap. 10, vers. 33.

(33) S. Mateo, cap. 3, vers. 54.

(34) S. Marcos, cap. 6, vers. 3.

(35) S. Mateo, cap. 13, vers. 57; S. Lucas, cap. 4, vers. 23 e 24; S. Xohan, capítuo 4, vers. 44, e S. Marcos, cap. 6, vers. 4.

(36) S. Mateo, cap. 2, vers. 2.

(37) S. Xohan, cap. 11, vers. 48.

(38) S. Xohan, cap. 11, vers. 50.

soras nos fagan outro escarmento, e millor aínda que eles segan de persoaxes aínda que o pobo padeza eiscravitude; si Xesús segue seu camiño que «morra pol-a sua nazón» (39).

Xesús está isolado, abandonado do seu pobo. Cando vai pra Xerusalén sáenlle dez leprosos ao camiño, e os dez son curados pol-a sua man, e soio un se volta pra agradecerlle, i-este único é un samaritan, e Xesús láíase: «Non houbo quen voltase a glorificar a Deus, senón este eistranxeiro!» (40). Os evanxelistas, con verdadeiro agarimo, van sinalando a chegada á cidade deicida: «ao ficar perto de Betania, ao pé da montana das oliveiras» (41), «logo que ollaron Betfagé» (42). Ollando a cidade mañífica, tan amada dos xudeus, Xesús «derramou bágoas por ela» (43) e carpíu aos ventos a sua dôr desacougada. Xerusalén, Xerusalén, que matas aos teus profetas a cantazos! (44). Cántas veces quixen recoller aos teus fillos, como a galiña recolle aos seus pitos embaixo das áas, e ti non-o quixestes! (45). Veleiqué que o teu casal, pobo ingrato, o casal de Israel, vai ficar deserto. Ai de ti Corozaim! Ai de ti Betsaida e ti Cafarnaúm! Si en Tiro e Sidón se houberan feito os miragres que en vós se teñen feito... Virán xentes alleas do abrente e do poente pamentras teus fillos serán botados fora, e de teu tempro non ficará pedra enriba de pedra, e o país ficará en grandes angurias e a ira de Deus descargará sobre este pobo, hollado de xentís.

Os xudeus, cobardes, servos por natureza, abandonáano. Xesús sinte a cada intre unha dôr nova, e por riba de total-as dôres chora a infelicidade do seu pobo. «O espírito está pronto, mais a carne é fraca» (46). En nengún corruncho da sua terra o recibírfan con bondade. «As raposas teñen toco no que pousar, os paxaros do ceo teñen niño e soio Ele, o Nazareno, non ten en qué pousar a sua testa» (47). «Tua nazón e os pontífices entrégante a mín» (48), dille Pilato, o gobernador román, o eistranxeiro, o escravizador. E os traidores á pátreas seguen bulrándose de Xesús: saúde, rei dos xudeus! e pónenlle unha croa de espiñas e na man un cetro de cana.

(39) S. Xohan, cap. 11, vers. 51.

(40) S. Lucas, cap. 17, vers. 11 a 19.

(41) S. Marcos, cap. 11, vers. 1.

(42) S. Mateo, cap. 21, vers. 1 e S. Lucas, cap. 19, vers. 29.

(43) S. Lucas, cap. 19, vers. 41.

(44) S. Lucas, cap. 13, vers. 34.

(45) S. Mateo, cap. 23, vers. 37.

(46) S. Marcos, cap. 14, vers. 33.

(47) S. Lucas, cap. 9, vers. 53 e S. Mateo, cap. 8, vers. 20.

(48) S. Xohan, cap. 18, vers. 35.

Pilato, compasivo, aínda teima: «ao voso rei teño de pôr na cruz? Noso rei é o César de Roma —berra a moitedume no máis fondo da súa cativeza moral— e olla que si soltas a ese home, non és amigo do emperador: temos ollado a este compatriota «pervertindo á nosa nación» e «dicindo que é unxido rei d-Israel» (49). Ficaba escrita a causa da súa sentenza con este letreiro: «o rei dos xudeus» (50). E Xesús qué fai? Pois cando Pilato lle pregunta si é efectivamente rei dos xudeus, responde, sereo e rexo: «ti o dís, son-o» (51).

Crávanno na cruz. Aínda prescindindo da súa Diviñidade, aínda valorizando eiscrusivamente a persoalidade simplemente human de Xesús, é pra maxinarse as súas dôres infindas. Elí está, entre dous ladróns, sentindo todol-os tormentos fisiolóxicos do intre e unha dôr espritoal de tal mañitude que fai estoupar os ollos en bágoas. Está no máis outo dunha montana; nunha montana esí abenzou a todol-os aflitos e coitados, n-outra, entre oliveiras tráxicamente retortas, pasou a derradeira noite, n-outra, na do Tabor, trasfigurouse e mostrouse a Pedro, o sucesor, en brillante mañificenza. Percebe ao lonxe a cidade de Xerusalén, tan gostada, tan ademirada, tan estimada e ben querida, orgulo ben lexítimo da súa raza: olla o teñpro luxosísimo, pasmo de todal-as xentes, que vai a sere esborrallado pra sempre, e maxina aos seus —aos que falan a súa líncoa e praitican as súas costumes e son da súa mesma caste e levan o seu mesmo sangue— esparexidos pol-o mundo hastra o fin dos tempos, cobizosos, anguriados, famentos por un recanto no que xunfarse pra convivir e refacer a nazonalidade desfeita. Os da súa raza téñenno abandonado e maldíceno, e os que o xulgaron i-executan a sentenza son estranos, eistranxeiros, domiñadores, que fan por dereito de conquista e vasallaxe. Vai vindo o sol-pôr e as súas forzas esváense; seus ollos están prendidos na súa nai e no discípulo amado, que salaian ao seu pe; desángase, quéimase nunha sede impracabre, a testa caída crávaselle no peito, érguea nun supremo esforzo pra ollar por derradeira vez todo en redor, e velehí que percebe, alá entre os guerreiros das picas lostregantes, punando por adiantarse pra ollar millor a «todol-os seus coñocidos» e moitas mulleres que o tiñan seguido dende Galilea (52), aquelas mullerciñas aldeáns que choraban desalentadas ao velo co madeiro a

(49) S. Lucas, cap. 23, vers. 2.

(50) S. Marcos, cap. 15, vers. 26.

(51) S. Marcos, cap. 15, vers. 2 e S. Lucas, cap. 23, vers. 3.

(52) S. Lucas, cap. 23, vers. 49; S. Mateo, cap. 27, vers. 55, e S. Marcos, capítulo 15, versículos 40 e 41.

costas e ás que Ele dixera nun tenro salaio: «non choredes por mín; chorai por vós e pol-os vosos fillos» (53). Que esf amaba Xesús aos da sua raza.

Ollaos ben, ún por ún, unha por unha. Elí están os compañeiros de xogos, mozos aínda como Ele, algúns en namoros, outros xa casados traguendo os cativos da man, que ollan sorprendidos, espantados; os compañeiros do pai, que lle facían conversa namentras traballaba na madeira; os vellos que tantas veces o tiveran no colo, embelicados na sua fermosura, deixándolle xogar nas barbas longas e brancas como a lá das rocas; as veciñas que ás veces lle berraban dende os eixidos —non apañes na froita, Xesusiño! Deixa os cativos, que os pós tolos con tanta Escritura! — e ás veces o escoitaban nas sinagogas maraviados de que o pequeno do carpinteiro supese tanto, e ás veces o apraudían orgullosas reparando como facía calar aos estúpidos i-empingoretados doitores da Ley. Todo o seu pequeno mundo aldeán estaba elí, esmirrado, miúdo, coitadiño, mais grandiosamente fidel, entre todos aqueles milleiros de xudeus cobardes, ruíns, falseiros, incomprendivos, rillados de envexa, aduladores con oficiás da invasión como cáns vellos, famentos e piollosos na porta do coartel. E todos, os bons e os ruíns, de hoxe pra endiante terán de abandonar seus casaes e as suas herdades pra saír eisilados a percorrer todol-os camiños do mundo sen a esperanza de voltarse a xuntar, agoñizantes sempre, na saudade dos fogares anterros.

Morto Xesús, o problema político aínda latexa nos Evanxeus. Resucitado, vai camiño de Galilea e tópase con dous camiñantes que van o mesmo roteiro. Van calados, preocupados, encheitos de pavor por tantas cousas que viron. Liga fala con eles. Por qué estades tan tristeiros? E ún dos viaxeiros, Cleofás, respóndelle: «és tan eistranxeiro en Xerusalén, que non sabes o que alá pasou estes días?» (54). Mais hai outro pasaxe Evanxélfico no que o conceito de eistranxeiría adquire a máisima violencia, amartelado como unha maldizón despóis das difrentes consagrazóns da nazionalidade: Xudas, o traidor por antonomasia, devolta espantado o diñeiro que lle deran pol-a venda do Maestro, e os príncipes dos sacerdotes non sabendo qué facer con eles, pois como froito de traizón era ilícito metelo no fesoouro do tempo, «e habendo tratado en consello, mercaron con ele o éido dun alfareiro pra cementerio de eistranxeiros» (55).

(53) S. Lucas, cap. 23, vers. 28.

(54) S. Lucas, cap. 24, vers. 18.

(55) S. Mateo, cap. 27, vers. 7.

Fica eisposta, brevemente, a miña interpretazón dos Evanxeus. Quer dicir que Xesús fose un arredista en loita pol-o ceibe isolamento da súa pátreas e despreocupado de todol-os outros pobos do mundo? Non vou tan adiante; non chego tan lonxe. Confórmome con sinalar a consagrazón das nazonalidás a través dos Evanxelistas, a distinzón que fan entre as nazóns e os reinos, e o amor apaixonado de Xesús pol-a súa nazón xudáica que vai n-Ele, en cada gota do seu sangue.

ALVARO DAS CASAS.

NACIONALISMO GALEGO

As loitas nacionalistas

Somentes despóis das guerras napoleónicas encomenzou a xente na Europa a matinar nos dereitos das nacionalidades, é dicir, que o nacionalismo veu coincidir co espallamento por Europa do liberalismo. Qué relación hai, logo, antr' estes dous feitos?

A espricadeira clásica, que nós reproducimos antano, na nosa *Teoría do Nacionalismo Galego*, era a seguinte: «Os Estados europeos formáranse ajuntando pobos de falas e de razas diferentes, asegún o despuñan o dereito de sucesión ou o de conquista, e aínda o Congreso de Viena de 1814, fixera as partillas e compensacións territoriaes tendo en conta o número d'almas e máis a riqueza dos países e de ningún xeito a vontade dos pobos». Esta espricadeira é exacta deica certo punto. Mais compre fixarse ben n-estes outros feitos :

1.º Os nacionalismos d'aquél tempo, coma os d'agora, non eran movementos puramente polítecicos, en cáxeque ningún dos casos, cáxeque nen xiquera no de Bélxica. Tiñan nos máis dos casos, unha base étnica, e envolvían cáxeque sempre (casos d'Irlanda, Polonia, Grecia, Estados Balkánicos, Hungría, Bohemia, etc.), reivindicacións de carate lingüístico ou relixioso, e moitas veces cinguíanse e aínda conformábanse co-estas reivindicacións, e dende logo, non sempre arelaban a plea independencia nacional.

Iban máis contra do *uniformismo* que contra do mesmo absolutismo.

Por outra banda, as reivindicacións étnicas (a invocación da diferenza de raza) e lingüísticas, rifan no fondo co-a esencia do liberalismo. E iste maniféstase moitas veces antirrelixioso.

2.º O liberalismo foi ou tendeu a ser, en todos lados, uniformista. Uniformistas foron na Hespaña as Cortes de Cádiz. Uniformista foi a Francia revolucionaria. O uniformismo radica no postulado

da igualdade, fundado no falso concepto da natureza humana criado pol-os chamados filósofos da Ilustración, que matinaban n-un home teórico, abstracción inexistente, e non nos homes reais e verdadeiros, tan imensamente diferentes os ús dos outros, e pol-o tanto, con tan diversas necesidades e arelas.

3.º O antigo réxime, nos seus tempos clásicos (séculos XVI e XVII) foi case sempre centralista, mais foi raramente uniformista. Fíxose uniformista no tempo do despotismo ilustrado (José II d' Austria, p. eix.), é dicir, cando foi penetrado pol-a filosofía da Ilustración, criadora do liberalismo, que n-iste respecto continuou a obra do absolutismo.

Por todas estas razóns, hoxe vemos craro coma os movementos nacionalistas —embora apoiados en moitos casos no liberalismo, e invocando o principio da soberanía popular (hai que distinguir entre *soberanía do pobo* —masa— e *soberanía da nación*)— non tiraron d' il a súa forza, senón do *romantismo*, movemento por demáis complexo, posto qu' era un movemento vital, e non puramente ideolóxico. O romantismo chamou a atención de cada pobo cara o que tiña de engebre, de propio, de diferencial, e que fora despreziado a unha pol-a Revolución francesa e máis pol-o antigo réxime que, fillos da Ilustración, netos do Renacemento, bisnetos do Paganismo, non estimaban máis qu' a uniformidade clásica. O romantismo foi a reacción vital da natureza real e verdadeira contra da geometría greco-romana e contra da natureza abstracta dos filósofos da Ilustración. Na maor parte dos casos, s' o liberalismo s' aliou co nacionalismo, non foi por simpatía interna, senón pol-o qu' o nacionalismo tiña de rebelde. O liberalismo era a forma exterior que d' aquela revestía o pulo revolucionario; pol-o tanto, anque na súa esencia interna fora oposto á esencia interna do nacionalismo, de cote vitalista e tradicional, non podía por menos d' adelantalo en canto rebeldía, nos casos en qu' os dous tiñan un inimigo común. Tamén hoxe o comunismo, esencialmente uniformista e negador das patrias, procura aliarse co nacionalismo ond' iste pode coller formas de violencia.

Por iso, na agitada Europa do centro do século XIX, houbo unha tremenda confusión de ideas, e d' iste xeito houbo un nacionalismo, sostido principalmente por tratadistas franceses, a teoría da *vontade*, asegún a qual, a nación existe somentes pol-a vontade dos homes que queren formar parte do mesmo Estado. Teoría puramente política que sostivo p. eix. Renan, e que aínda hoxe atopamos esencialmente en Hauriou. É un concepto procedente da Ilustración, que compre desbotar coma falso.

Por frente d' il, atopamos o verdadeiro concepto *orgánico* da nacionalidade, asegún o qual, a nación é un feito natural, un feito biolóxico, independente da vontade dos homes, estando constituída por unha comunidade d' intreses espirtuás e vitales, na que, asegún as difrentes opinións, interveñen causas geográficas, étnicas, históricas, etc., etc. Istes dous conceptos opóñense un ao outro, coma a Escola filosófica e a Escola histórica no campo do dereito. O concepto orgánico ven coincidir bastante ben co da Escola histórica alemá de Fradique Calros de Savigny e sua idea do *Volkgeist* ou alma do pobo, de cuia idea confesamos participar.

Crar' está que é a vontade nacionalista a que fai o heroísmo dos pobos que loitan pol-a independencia, e qu' immortalizou a Irlanda e máis a Polonia. Aínda hai n-iste derradeiro país unha teoría da vontade nacional levada por vieiros ben opostos aos de Renan e Hauriou, coma que procede d' escritores románticos e católicos, coma Wronski, Cieskowski e Mickiewicz, os fundadores do *Mesianismo polaco*. E aínda, un discípulo d' iles, cuia vida por certo áchase especialmente ligada a Galiza, W. Lutoslowski, chegou a costruir unha teoría metafísica das nacións.

Complicadas de diversas sortes con movementos concomitantes do máis difrente caraute, as loitas nacionalistas enchen o século XIX, agudizadas en certas épocas: 1830, 1848-50, 1870, obtendo os máis variados éxitos e derrotas. Por fin, consiguese asentar no dereito internacional a *Teoría das Nacionalidades*, de procedenza italián e liberal, dende logo insuficiente, e ademáis acosada a confluídos. E de todos modos, raramente unha nación obtivo a sua liberdade sen intervención das armas. Cumprían teorías menos radicaes. Cumprían teorías que posibilitaran a eistencia libre das nacións sen crebar os Estados históricos, que fixeran doada a convivencia de varias nacións adentro do mesmo Estado.

A solución coidaron moitos qu' estaba no *federalismo*. As monarquías absolutas estaban *centralizadas*; co despotismo ilustrado volvéronse ademáis *uniformadas*, e foron gobernadas en forma *burocrática*; a Revolución francesa conservou íntegramente — e aínda agravouno — iste herdamento do antigo réxime: foi *centralista* e *burocrática*. Mais despois erguéronse en total-as nacións partidos federalistas ou descentralizadores (partido girondino en Francia, republicano-federal na Hespaña, demócrata nos Estados Unidos d' América). Moitos países americanos gobernáanse en forma federal. Derradeiramente, na mesma Francia, eixemplo máisimo de centralismo, de donde o remedou Hespaña, colleu gran pulo o federalismo,

ou ao menos, unha corrente anti-centralista (Vivieu, Randot, Charles Brun, Maurice Barrès, Gustave Le Bon, León Duguit). Enantes, chegouse á conceición utópica do *federalismo integral*, inspirado en Proudhon, e que compartía na Hespaña, Pi y Margall. Era unha federación universal graduada que volve ter reviviscenzas atenuadas no movemento *Paneuropa*, e n-outros, e qu' aínda se pode rastexar no programa do Partido Galeguista.

Mais o federalismo non somentes camiñou cara a utopía, senón que sufriu deformacións en senso uniformista (p. eix. con Pi y Margall) ou desvirtuouse en procura da autonomía provincial, da autonomía municipal, da autonomía sindical, etc., etc. Houbera sido algo, se fora unha aplicación da teoría das nacionalidades á organización interior dos Estados, mais nono foi.

Non embargantes, o dereito público moderno ofrece, dende a guerra pr' acó, solucións que, modificadas, poden resolver o problema n-un senso de concordia. Unha das formas é a imperfeita (mais de doada ulterior elaboración) teoría das *minorías nacións*. O movemento das minorías procura, sen crebamento da autoridade dos Estados existentes, qu' os grupos nacións diferentes que forman parte d' eles obteñan aquelas reivindicacións d' orde económico, lingüístico ou religioso a que teñen dereito. Unha condición que s' eixige ao grupo que queira pertencer á Unión de Minorías nacións, é a de lealdade ao Estado de que forma parte, de procurar a resolución do seu problema d' acordo co-íl, e de non prantexalo en forma separatista. É un movemento esencialmente pacífico. Ten isto de bó, e ten tamén o de tender en cada caso á resolución de reivindicacións concretas, sen perderse en teorías gerás desageitadas, senón operando d' unha maneira real e práctica. Ten de ruín, o estar formulado de modo individualista, considerando a minoría nacional coma un agregamento de homes, máis ben que coma un corpo social natural. Crar' está que ata certo punto —moi imperfecto aínda— considéranse coma taes as chamadas *nacionalidades homogéneas*, mais de totalas maneiras, compre unha longa elaboración da teoría.

Teoría que, ademáis, moveuse deica agora no campo do dereito internacional. O que cumpriría sería tamén traguela ao do dereito público interno. D' iste xeito, sería máis doadamente acetada pol-os Estados históricos.

VICENTE RISCO.

OS CAMIÑOS DOS HOMES E OS CAMIÑOS DE DEUS

Iste traballo non é máis que o esquema de outro que se prepara. Hai que tomar neste sènsa as suas afirmacións. Non quixèra que por ningún conceito se emparentase con outros moi afíns así ao primeiro, e dos que difire case sustancialmènte. Si Deus nos dá razóns e tèmpo, non tardarèmos en dal-o rematado. Para entón quixèramos que se reservasen os xuícios que poida suxerir nistes intres.

A marcha da Humanidade

Tidoéi de presa iste recimo de idèas Os CAMIÑOS DOS HÒMBES E OS CAMIÑOS DE DEUS. A nervadura en que se artigoan é o meu propio camiñar, feito ao compás de total-as pisadas do mundo.

A marcha da Humanidade ao traveso do tèmpo tèn por selo a vulgaridade, a ramplonería máis humildante. Hai que convencerse disto bèn. Daráanos a humildeza que tanto precisa a quèn vai en viaxe. Por iso eu a quèro comparar coa instrucción a pé dun coartèl de infantaría, o máis ramplón e humilde que eisiste. Eu comprázome en considerarme como metido en fías, máis ou menos uniformadas. Sinto que non somos máis que un sinnúmero de compañías de infantaría —hai algunhas de cabalería e moi poucas de aviación— que marchamos non sabemos a onde, sèmpre ao mando de un cabo que nos vai repetindo: «óido â pisada». Non é outra cousa isa marcha do mundo, na que non fallan os relumbróns das grandes paradas. E lógo, o natural: que, como non se sabe a onde se vai, veñen os despistamèntos, o perdel-o paso, o romper fías... I-esto, sèmpre.

Cada minuto que pasa, sinto que é a derradeira pisada diste camiñar infindo da Humanidade, e non percibo xa os meus pasos, sinon

o ritmo desconcertado da *pisada* que é dôr e anguria no fondo da miña i-alma. Non é —claro está— anguria persoal. Cada ún tén os seus camiños, bèn curtos por certo, però tén-os. E si non os tén, anda a procural-os.

Mais por riba e por baixo distes, hay unha estrada ancha, o camiño real e vulgar da vida, no que ún se sinte xunguido —social— sometido â marcha da humanidade, apurado por ise sempiterno «oído â pisada!», roído íntimamente pol-o disgusto do longo, inútil e desconcertado camiñar.

É a «estrada erma e pedregosa» que os tres cabaleiros de Antero «seguen lentamente, arrastrando entre as urzas do deserto un corpo exangüie e un alma moribunda».

Qué é o que vamos a ver

O fito das miñas verbas non será nada concreto nin sistemático. Será un brève matinar encòl das encrucilladas sèmpre dubidasas e inqedantes en que os homes pareceron ourentarse, e dos puntos cardináis que presidiron a súa marcha.

Isto parece contêr unha pretenciosa leición de filosofía da Historia, e nada máis lonxe por cèrto.

Sobor diste punto concrèto eu son un providencialista convencido, quizaves sin saber bèn o por qué. Despóis de tantas filosofías, nada me eisprica tan bèn o decorrer encontrado dos acontecementos como ise libriño do gran historiador galego do século V que ten iste tídoo admirabile: «Historiarum adversus hæreses libri VII».

Nada lle puido engadir Bossuet no seu «Discurso da Historia». E o Conde de Mestre non facía máis que darlle a razón cando decía que «Deus escribe dreito con liñas tórtas».

Despóis disto, comprenderèdes que seña innecesario buscar outra filosofía, sèmpre mesquiña dende iste punto de vista.

Outos na marcha

Por máis coñecida, acomodarémonos para cèrto ordeamento ideolóxico, â división crásica da Historia, inda que pra a craridade das observacións quizaves servise millor a de Hegel, ou a ideada fai pouco por D' Ors, facendo eixes simbólicos da mèsma a Sócrates, Santo Agostiño e Rousseau. Quixéramos esculcar en cada ún dos

con bases patrióticas e relixiosas, un dereito terrible por certo, que facía horrorizar a Lucrecio, naméntas que no segundo non se trata de outra cousa que de unha de tantas manifestacións do instinto defensivo.

Tanto o valor relixioso como o sentimento patriótico, constructor, social, tiveron longas evolucións, inda que non se correspondéron, o que enxendrou o desequilibrio dos grandes estados antigos.

A iste desenrolo patriótico, corresponde o segundo tipo de organización social, por *incorporación*, á que se refire Ortega para negar o primeiro —por expansión natural— que só puido seguirse no Medioevo pol-o desenrolo do valor relixioso, pero non na antigüidade pol-a súa imperfeición.

A primitiva orgaización, tendendo a un equilibrio eistático, illado, sin unha seiva relixiosa vital, sinón todo o contrario: sintíuse aniquilar, e botouse a aventura, incorporándose pòbos como pèzas de caza. Nace con isto o sentimento de superioridade de uns pòbos sobor dos outros, que os lèva a un delirio de dominación e asoballamènto, que se mantén en intreres materiais que se crean os pòbos guerreiros. Na Historia latina de Quinto Curcio a frase máis emotiva da arènga que se lle fai decir a Alexandre, é que «Non modo Persis, sed etiam omnibus gentibus imposituros jugum». «Que non só aos Persas, sinón a todo o mundo lles habían de impoñel-o yugo».

Iste sentimento de domifiación, que se mantivo circunstancialmente, aituando como forza incorporativa e colonizadora, creou o tipo do que habían de ser os estados gregos, e moi particularmente o impèrio Román.

Tanto na primitiva orgaización social —evolución evidente, dígase o que se diga, da orgaización familiar— como nise segundo tipo de Estado incorporativo, surxido circunstancialmente do primeiro i-en contra d' él, queda como certo isto: Que nise longo camiñar de moitédumes ao través dos séculos antigos, nos que se chegou á formación de estados tan fòrtes coma o Román, que sobre os rexoos gonzoos do *Fœdus latinum* soupo integrar nun impèrio a xèntes tan distintas étnicamente como cèltas e galos, xermanos e grègos, escitas e sirios, non se formou, con todo, un fœdus humán. Si nos paramos a considerar un pouco os múltiples símbolos do Impèrio de Roma, veremos que os grupos humanos, integrantes deste Impèrio, eran só un de tantos trofeos da *Roma victrix*, que puidèran figurar na columna rostrata.

Os pòbos marchaban xunguidos ao carro de Roma. É a eispreión crásica que mellor se acái. Non lliga á comunidade ningún

vínculo humán, inutilizados os primitivos —socialmente incompre-
tos— da familia e da tribu.

Non pode existir solidariedade fonda de aición pol-o descoñecemento do home na súa realidade social. Si se manteñen algúns impèrios eficientemente —Roma é o tipo— é por dúas forzas circunstanciais, como antes anunciamos: pol-a superioridade cultural do grupo incorporativo que vai mellorando a vida por onde pasa, e pol-a inferioridade do sometido, ñorante de si mesmo, de rudimentaria orgaización, extenuado pol-as loitas cos veciños, que se desluma co prestixio do colonizador. É o caso do preso que prefire a cadea, pol-a suntuosidade do edificio, a facilidade da vida, e mellor alimentación, á tarroeira pobresíña, toda chea de fume i-esterco. Unha anormalidade, como se ve.

Mais así e todo, isto crea un proièito de vida en común, que é o que quixèran algúns como base outa dos estados, inda que, como aquí, estivese baseado en dogmas antihumáns. Cando non se dèron xuntas istas dúas circunstancias, os impèrios foron sonos. Relémbrase a Guengis-Kán, o domador de medio mundo. ¿Qué diferençia vai d' él a César? Sô ista: Que César era o xènio da guèrra dunha nación de gran cultura, que por isto engramonó pòbos, mentras que Guengis-Kán era o xènio da destrucción da violènta Tartaria, que nada podía ofrecer como non fosen os grilóns da súa violència.

* * *

Así escomènzan os camiños dos homes; así escomènza a marcha, de Ourènte a Oucidènte, disas enòrmes columnas humáns.

Non hai nada no fondo da súa humanidade descoñecida que as xunga. Sobor do sono diste sentimento se afinca precisamente a súa unión. Nin d' aquel primitivo sentimento de patria, que arrancaba do apègo ao lar, á familia, á tribu, queda gran cousa. Foi substituído iste sentimento, no social, pol-o de dominación e conquista, divinizado e crudèl, que fai decir a Tifo Livio: «Semper justum est bellum, semper pia arma».

Por iste sentimento da patria, afúndense as patrias i-escravízanse os homes. É unha refresión bèn triste que en milènios de pelegrinaxe humán non puidèran os homes coñecerse, descubrirse. Que non puidèran decatarse de que os homes temos dous brazos, non para xuntalos nos grilóns, sinón na apèrta fratèrna.

O valor relixioso

Pouco máis consoador é esculcar o desenròlo do valor relixioso nesta data. Vimos como iste valor formóu parte nun principio do sentimento patriótico que chamaremos tradicional. Os pòbos que loitaban por espírito de expansión, loitaban tamén para defensa do seu deus, que era nemigo de todol-os deuses eistranos.

Ista conceición relixiosa perduróu, con máis ou menos eficacia, en todol-os pòbos antigos.

É bèn conocido o que para eles significaba a divinidad. Deus non era sò o señor absoluto, que hai que recoñecer sèmpre, sinón que, concebidos os valores éticos como dependèntes dos relixiosos, e creados por éles, Deus era unha forza cèga e crudèl, que se alrita e abufina por calquèr cousa, à que hai que tèt propicia a toda hora. Non se trataba de facer un camiño de cara a Deus, sinón que Deus non baixase ao camiño dos hòmes.

O bèn e o mal, por conseguinte, xúzganse a parte post. É decir: despóis do castigo divino, búscase o crime en calquèr aito, que é mao por displicènte a Deus e non en sí mèsmo. Hai unha inundación, unha pèste, unha derrota, e inmediateamente se busca a causa en Deus, alritado. A causa da alritación serán os pòbos veciños, os deuses eistranos que hai que eisterminar.

Foi dista manèira como os hòmes marcharon pol-os camiños dos deuses, evitándolos precisamente. Porque isa foí a lèi à que o Pecado o sometera no Paradiso. Serían como deuses e como deuses foron. Però o Deus do hòme no pecado non é Deus sinón o dèmo, ao que se somete. Quede por eispricar o satanismo da paganía. A isa conceición cèga da divinidad, torturadora do Promoteo, fora do bèn e do mal, vengativa, crudèl e absoluta, en guèrra sèmpre cos deuses eistranos ou cos da mèsma teogonía, correspònden as conceicións do hòme. I-é que, contra o que se dí nas historias racionalistas, temos que crèt que o hòme non creóu os deuses a semellanza súa, sinón que foi il creado a semellanza de Deus, como lèmos no Xénesis. É moito máis sinxèlo.

Por aquí comprendemos que escritores como Platón e mòitos outros puxèsen sèmpre como fundamènto de toda sociedade a Relixión. Mais tamén comprendemos en qué sènso tan lonxano da ideoloxía cristián. Fixóuse bèn pouco a xènte nisto, e non hai un sò apoloxeta que non cite coma un lugar patrístico aquilo de Cicerón de que «Nequaquam in republica bene morata tolerandæ sunt disputa-

tiones contra Deum et ejus providentiam». Isto en labios de un pagán, inda que seña Cicerón ou Sócrates, é unha aberración. É o selo da opresión humán que vemos ruxir en Esquilo, o *impío*, en que os hòmes, religados —de ahí *religio*, relixión, según Lactancio— a deuses crudèles, sentían afogarse dentro de sí propios o que fiñan de superior, de perfecto humán e por conseguinte de divino.

O Medioevo

Mais ao lado dista doorosa pelerinaxe da humanidade, estábase efectuando un tròque de camiño. Os camiños de Deus enchíanse da luz da revelación e aparece o Deus-Hòme, non o Hòme-Deus, que dí que Il é a Verdade, o Camiño e a Vida.

O valor relixioso aparece aquí humanizado, asentado ademáis sobre os máis puros valores éticos, que non son creación caprichosa súa, sinón divinos atributos da súa Esencia. É iste o intre en que se verifica a máis grande evolución histórica, que xa tivèra os seus precursores máis ou menos lonxanos en Ourènte e Oucidente. Por primeira vez o hòme se enfrènta consigo mèsmo e se conoce. O camiñar fèn un sènso perfecto e de perfeición. O camiño de Deus tòrna a ser o camiño dos hòmes. Pèro neste caso, Deus é Hòme tamén, o Hòme máis perfecto, o símbolo da perfeición humán. Todol-os hòmes que o conòcen, se conòcen, todos se xuntan n'Él, porque a todos os redime e os salva. Por iso podemos decir que é iste o momènto único en que o hòme vai pol-o seu camiño, i-en que os camiños dos hòmes son os camiños da Humanidade.

Mais unha circunstancia fai que iste intre histórico de plenitude e madurez, que podèmos seguir dende a vinda do Cristo hasta bèn entrada a Edade Media, e aínda hasta hoxe na concènci eixemprar dos santos, non bote raíces fondas, e seña a miúdo desvirtuado, contrarrestado por principios contrarios.

Verifícase nista data a invasión bárbara, que xa Paulo Orosio negóu que fose debida ao cristianismo. O sènso cristián da vida, o máis perfectamente humán, penetra máis doadamènte nas nòvas comunidades, però non con aquela outura a que chegaran as comunidades apostólicas.

Podèmos decir que os hòmes se encontraron ao fin no seu camiño, que èra o camiño de Deus. Basta para elo evocar unha pelerinaxe a Roma de cèn pòbos de toda a Cristiandade, ou a Santiago de Compostèla. Mais téñase en conta que no camiñar dos pòbos da Edade

Media ao seu propio reencontro —ao reencontro de Deus, xa que a vida debía ser busca de Deus, perdido pol-o pecado, e iste é o sènsu cristiánísimo que busca na relixión Santo Agostiño, frènte aos que sô ven ligaduras, como Lactancio—, si o ritmo da marcha èra humán, divinamènte humán, non eiscrufa, así como así, os despistamèntos, e o perdel-o paso, e o romper fías. Trátase de pòbos recén nacidos a unha vida superior, pero lligados a unha forte natureza instintiva, sin cultivo espiritual. De ahí que o verdadeiro sènsu cristián da vida, que remanece puro en espritos seleitos, producindo a floración de virtudes medioévicas, gracias às que inda hoxe nos sentimos orgullosamènte cristiáns, se corrompa moitas vegadas, disfrazándose, adaptándose, humildándose. A bandeira do Cristo, que debía ir à cabeza da marcha, levábaa a miúdo o rancheiro. O que èra liberación espritoal, luz e craridade —dentro, craro está, da pròbeza de cultura da época, circunstancial tamén—, foi convertido moitas vegadas en ferrollo, aproveitándose da cultura precisamènte, que é o máis indinante.

Aparecen as ambicións de poderío civil, dominadoras, dos poderes eclesiásticos, e as relixiosas, sagradas, dos poderes civís, irmandadas ambas no esprito pagán afundido. Aparecen os emperadores pontífices e os pontífices emperadores. A marcha da Humanidade entúrbase, ensanguéntase e detènse de novo. Xa non se ve craro o camiño. A conceición relixiosa que sinificou liberación, marcha trunfante do Hòme pol-os camiños de Deus, tornou a converterse en frèno —relixiatio— como o èra para Cicerón, como o foi para o Humanismo e o sigue sendo para os conservadores de hoxe que nela ven unha nova policía, cando non isa cousa estúpida que xa se dixo: *o òpio dos pòbos*. A moral convírtese en dereito, e o dereito en òdio. Chega a Edade de fèrro do Pontificado, a compraventa da cadeira apostólica e das cadeiras episcopáis. Toda aquila vida que o Otero evoca no *Xelmírez*. É a debandada no longo e trabaloso camiñar da Edade Media, capaz de borrar o fito de calquèr camiño que non fora o de Deus. Mais o hòme xa dèra os primeiros pasos. Puido escarriarse. Pero a sua i-alma levará sèmpre a lembranza do seu camiño. E, d' entón en diante, xa o seu pelegriñar non será máis que a procura dise camiño, inda que seña trabucadamènte. A Edade Media deixou un camiño de luz abèrto entre somas. Pèro de calquèr xeito, un camiño cheio de fonda vitalidade, divinizada goriosamènte como no Tabor, ou cruentamènte como no Calvario. O hòme non foi nunca tan grande como cando se sintèu imaxen do Deus-Hòme, irmán seu na natureza humán, que o facía participante da Divina.

Nada que poidan facer os homes deixa de ser humán. É xa un dito moi vello. De ahí que en todas as épocas encontramos obras profundamente humanas que non corresponden aos intres en que a vida se desenrola sobre as súas bases máis perfeitas. I-é que sentimos mellor a nosa dor que a nosa felicidade, o anormal que o normal, a falla que a prenitude. O arte grègo, crásico por humán, non creo que seña unha eiscepción. Basta lèr a Esquilo ou a Platón mèsimo. Niste sènsu puido superar a Antigüedad ao Renacimiento, e iste á Edad Media. Mais disto inda tornaremos a falar. Sô queremos recalcar antes de pasar ao Renacimiento, como ise proiècto de vida en común, ideal forzoso de todos-os pòbos, sin o que é imposible a solidariedade social, que non se dá porque sí fora do circo limitado da familia, tendo por base ao Cristo, que era o Camiño, a Verdade e a Vida, levaba a Humanidade a unha perfeición social indefinida, como se manifestou pol-o ascetismo e o monacato, formas precursoras da máis grande transformación histórica que puido soñarse no mundo de tèr o debido desenrol. E como, por outra banda, quitada ista base no Renacimiento, se perde ista forza social que se aconchega no santuario dos espritos isolados, creando o misticismo, sin morrer nunca por ser etèrna.

O Renacimiento

No século XV aparéz o Renacimiento, outro movimiento revolucionario. Como toda revolución é simplista. Pretende o rompimento co inmediatamente pasado. Non hai un claro discernimento de luz e sombra. Xuzgando iste período da Historia e o anterior, sófrese un espellismo contrario. Párase ún nas manifestacións puramente culturais, que se adquiren no longo camiñar, e que pòden ser adxètivas de moitas causas, e non nos paramos a sopesar o verdadeiramente sustantivo, que é o sènsu vidual, e o volume e firmeza das bases da vida. Con iste critèrio xuzgáronse as chamadas «trèbas medioevás» e os esplendores humanistas. A pruma e a espada do protestantismo alemán, Ulrico de Hutten, alporizábase todo de ledicia pensando nos nòvos camiños da Humanidade. ¡Dá xènio vivir!, decía. Mais hoxe, ¡qué distinto se pensa!

O Humanismo reformista —¡qué distinto o de Frai Luis, o dos «Nòmes de Cristo»!— ao reclamar a autonomía do espírito humán e dos seus camiños, limitò-no, destruíulle a posibilidade da marcha interrumpida que a sociedade por forza tèn que seguir cara á sua perfeición para non tornar atrás. O Hòme, encarado pol-os camiños

do Deus-Hòme, vai à divinización da persoa humán, à suma perfeición en hourizòntes de etèrnidade e de infinito. Ise é o camiño de Deus : «Estote perfecti, sicut Pater vester Deus perfectus est», dñ o Evanxeo.

Iste é un camiño infindo i-etèrno como Deus. É un camiño profundamente humán porque, como deixamos dito, Deus é Hòme, o único hòme perfecto; i-é un camiño divino porque o Hòme é Deus tamén.

Todo isto véu a destruír o espírito da Reforma, que penetróu por todas partes, na Eirexa ou contra a Eirexa.

O hòme, dirixíndose a sí mèsmo, achóuse limitado, finito. Achóu o vaso, però fallaba a vida etèrna que o enchía. I-en vez de marchar à sua infinda perfeición, como xa desaparecera o modelo divino, adicóuse a dar voltas nun pè sò. Os seus aitos, dirixidos a sí propio, quedaron fallos de finalidade trascendente. Dende entón hasta hoxe, o desenròlo humán foi un continuado dar vòltas en torno à soedade e ó abandono en que o hòme quedóu. Voltando à Antigüedad crásica contra o Cristianismo, destruíu a verdade precursora de aquela, pois que se entendéu à invèrsa, o antecedente pol-o consecuente, invertindo o desenrolo natural do espírito humán.

Así vemos que todo foi unha vòlta atrás, un paso atrás no máis amargue sènso da vèrba. ¿Qué é o «Quod nihil scitur» de Sánchez e os *Ensayos* de Montaigne? Non sò unha vòlta do pensamento ao pirronismo grègo, sinón a máis nidia manifestación da probeza do espírito humán, da sua miseria, do seu regreso. Os hòmes non saben nada. Non están de acordo en nada.

Como queda dito, atormentábanse a dar vòltas nun pè sò, ouvindo sèmpre, o inevitabre «oído à pisada» que nista hora xa non era máis que «Dôr e pracer», como decía Montaigne, os máis rudimentarios bèrros vitáis. Os principios fundamentáis da Humanidade quedaron asimèsmo invertidos. Basta lèr a Maquiavelo, o estadista do Renacimèto. Tórnase à forza bruta, a raposeirfa. A virtú tèn un sènso pagán, está desterrada na política dos camiños de Deus. Ningún distes principios pòde tèn unha referèncía divina, pois falla a raigaña en que pòidan artigoarse. Si algunha vegada se fai a Deus ista referèncía, é hipócrita e brásfema.

Niste despistamèto se desenrola o Renacimèto, no que os hòmes se volven a sentir presos de sí mesmos, non unidos. As obras literarias do prerencimèto son isto xa. *A Celestina*, *Os Faliaux*, *O Decamerone*, *Os Arciprestes*, son o bèrro grotèsco da Humanidá, que vai à morte, à súa limitación mesquiña e a súa misèria. E outro tanto hai que decir das do Renacimèto reformista.

Queda con todo ise algo que non pòde morrer, no fondo dos espritos, máis que non terá realización máis que na loucura de D. Quixote e noutras moitas loucuras que manterán viva a inqueda na corazón dos hòmes e dos pòbos, creando ise *sènso tráxico da vida* de que nos falou Unamuno. O proceso, con todo, da Humanidade, arrempujado por principios que sería longo enumerar, seguirá a súa marcha atrás. O hòme seguirá a desentrañarse a súa misèria, e virá toda a podèria de deísmos, panteísmos e ateísmos; de positivismos, sensualismos e materialismos. O caso èra arredarse cada vez máis de Deus.

Todas serán vòltas atrás, inda que imperfèitas; pois quedaba no santuario dos espritos, a lembranza da luz que arelaban.

A Revolución francesa

Vèn lògo a Revolución francesa, reaición contra o aferrollamèto pagánico, crasicista do XVIII, hipócrita, e a amalgama opresora da Nobreza e o Clero. Filla do Humanismo reformista, non puido dar unha base vital, nin unha nõva ourèntación arriquecedora dos espritos. Limpóu costras, curóu chagas; pero non puido resucitar cadàbres.

Decraráronse solenemènte os dereitos do hòme, però a base distes dereitos e a garantía do seu reconocimèto fallaba.

A Liberdade, Igualdade e Fraternidade, non podían realizarse nin se realizaron. A autonomía espiritual con relación a Deus, á que levóu o Humanismo, inda que na mènse dos seus orgaizadores non fose iso, desvinculóu aos individuos, i-esterilizóu as súas relacións. Deixóu ao hòme terriblemènte sò, en xògo cos seus apetitos, dirixido à misèria da súa isòlación.

¿En qué se habían de afincar isas virtudes evidètemènte sociáis?

En nada. O Humanismo e a reforma lograran a total desintegración humán. O individuo de cara à Humanidade abstracta, valdeira, encontrouse a sí pròpio nada máis, probe, limitado e miserènto, e tornouse contra a Humanidade, como tiña que ser.

Niste intre sí que se puido pensar na loita pol-a eistencia! Estábamos na época do clan, però sin clan siquèra. Ista «vergonza e humiliación» do hòme sòlño e miserènto, tivo a súa eispresión en Nietzsche, onde o hòme torna ao seu deus primitivo antihumán, de moral dura e violènta. Pois o super-hòme non é máis que iso: un deus que non é hòme, con leises que non son dos hòmes, però que son para os hòmes, para destruí-los e aniquilal-los, i-estabrecer o

seu reinado porque sí. Xa non estamos en Roma nin en Grecia, inda que o pènze Nietzsche. Hai que saltar ao Ourènte primitivo.

Ista èra unha das saídas lóxicas do Humanismo. O individuo achóuse ligado ao òco da súa misèria, e fíxose deus para destruír aos seus contrarios: à Humanidade toda. Outra, puramente biolóxica e mecánica, foi o Marxismo con total-as súas derivacións.

O progreso, coas súas luces e adiantos mecánicos, foi un deus cègo que se montóu na masa informe, atomizada dos hòmes. E istos quedaron sometidos tamén às mèsimas leises mecánicas.

A economía, sometida à lei de desintegración humanista, provocóu ise fenómeno, máis que nada mecánico. Frente a íl surxe a forza contraria destructora dise derradeiro rastro humanista, que non é máis que unha pequena morea de valores materiais e uns cantos códigos que os salvagardan. Nada máis queda virtualmente. Nin o hòme siquèra, que se pèrde na masa, o nõvo Deus, —tamén antihumán como o de Nietzsche— porque tampouco é hòme nin recoñece a personalidade humán.

Para mín, iste é o estado aítual da marcha do mundo, seguida pol-o lado da descomposición humanista.

Romanticismo - Nacionalismo

Agora, para rematar, quèro voltar a unha idèa sòlta que deixéi non sei onde.

Dixèmos que a Edade Media deixóu un camiño de luz abèrto entre somas. Non se debe esquecer isto para comprender todo o que vin eispõdo esquemáticamente.

Perdéuse para o mundo da Reforma, do enciclopedismo, da Revolución, das democracias liberal, socialista, etc., a fonda vitalidade dos principios sociáis do Cristianismo. Pèro o seu xèrme segufu a labourar o segredo dos espíritos, creando tipos tan perfeitos coma o *místico*, o *santo*, e as virtudes que inda hoxe nos permiten chamarnos hòmes con dinidade. Quedóu a Eirexa católica, que, si na súa acción social foi totalmènte ineficaz, xoguète e mascòta das forzas humanistas, enquistadas nela, seguindo neste aspecto o seu derrumbamènto, coas brillantes monarquías de catolicismo oficial e oficinesco, —relixión policía, prestada ao Estado—; que si aínda hoxe parece querer afincarse no tingrado capitalista, sometido a unha lei mecánica de descomposición, garda, con todo, a tradición de Deus e a tradición do Hòme, que desbaratóu o Humanismo.

Non sabemos cómo chegará o mundo á posesión dese tesouro, però tén que chegar.

Ista é a fè do razonador do Fascismo, Curcio Malaparte, e o que Berdiaeff presinte na súa *Nova Edade Media*. E isto é o que eu espero, tarde ou cedo, loitando pol-a salvación na efèrnidade, na divinidad, da nòsa i-alma pòbresíña.

Nada podemos esperar disa descomposición mecánica do mundo. Compretouse por ise lado o ciclo dooroso no que xa Nietzsche se achaba metido. É natural. O camiño que o hòme escolléu de cara a sí mèsimo era limitado como il é. Acabouse e non hai que lle pedir. Por iso debemos de alonxarnos d'íl, antes de cair no escuro valdeiro a que nos lèva. Qué señamos arrastrados, arrempuados! Iso é pouco. O que importa é salvar-o espírito.

O Porvîr

O porvîr é sempre de Deus. Sô os camiños da Providènciã son inmutabres. Mais os que temos fè no Cristo, sabemos que os seus camiños son tamén os nòsos. Mellor dito, que os nòsos camiños teñen que ser os do Deus - Hòme, porque para iso tomóu a nòsa natureza.

De todol-os movimèntos da Edade modèrna, houbo ún, o Romanticismo, que, carecendo de volume, por responder máis que nada a ideás subxetivos, tén, con todo, para mín, unha marcada sinificaciòn.

A soedade fría en que os hòmes do «progreso» se sentiron, e a que sentiron os pòbos despóis do periplo trunfal de Napoleón, provocóu a reaciòn tradicional e nacionalista que todos conocemos. Os hòmes sentíronse morrer lonxe de todol-os camiños. E voltáronse cara ô tradicional que agurgullaba no fondo dos espíritos.

Non deu con todo os froitos que èran de esperar. Incorporóuse lastres que o fixéron ir ao fracaso.

A mèsma idèa nacionalista, sin a purificaciòn dèntro do sènso cristián da Universalidade, producíu feitos como o de Alemaña, e os que están agromando noutras bandas.

Isa concepciòn romántica é un volver sobre as pisadas humáns despóis de moitos séculos de descarríos imperialistas, de aristocracias e democracias valdeiras de humanidade.

Pero iste movimènto, sin a base tradicional relixiosa, no seu sènso máis puro —non se percisa falar de vòlta á Edade Media, non debe siquèra falarse, sinón de vòlta ao Deus-Hòme, limpa e concre-

tamènte— sin esa incorporación social aos camiños do Deus-Hòme, digo, que o encha de divindade humán e de humanidade divina, será unha de tantas vòltas no ãr.

Debemos matinar moito nisto, nós sobre todo, nazionalistas galegos.

O ideal nazionalista xurdíu nos comènzos da Historia, però èra imposibre sin o universalismo cristián, e tivo que desfigurarse no impèrialismo incorporativo que creóu os grandes estados grègos e o Impèrio Román. Derradeiramènte, pol-a mèsma razón, tèn a mèsma desviación na Alemaña, para pôr o exemplo máis evidènte.

Diante isto, nós debemos pensar que para a creación nacional é indispensable a base social cristián, católica, sin a que non poderemos facer nada. E con isto quero rematar.

Que nun ano novo do alén nos encontremos todol-os pòbos do mundo nos camiños do Cristo, cheios de ledicia, de cara à eternidade.

Terra a que nos criou!

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.

CONSIÑAS DO BON GALEGO

Debemos coñocer o noso país: a súa histórea, a súa xeografía, a súa língoa, etc.

Debemos lêr libros en galego, e procurar que non fallen en ningunha biblioteca.

Cos amigos que teñamos influencia, debemos procurar que se suscriban a xornales e revistas galegos, galegos de verdade.

Arranxar as nosas casas cun ar de galeguidade: cerámica de Cesures, rendas de Camariñas, mantéis de Padrón, coadros con fotos de Galiza, santos galegos, etc.

Cando teñamos que regalar unha lembranza, que sexa un libro galego.

Cantemos sempre cancións nosas, e procuremos espallalas de cotío.

Fagamos nosas tarxetas de visita en galego. Escribamos sempre en galego ás nosas amistás.

Orgaicemos sen acougo confrenzas que estuden a Galiza en todol-os seus aspeitos.

Espallemos o culto ao Santiago pelegrín.

Procuremos que en cada casal amigo teñan unha bandeiriña galega, e colgadas pra os seus balcóns co-a bandeira, ou as cores, galega.

Consumamos sempre, sempre, produitos galegos: queixos, xabón, viños, conservas, encaixes, madeiras, buxías, etc.

Cando teñamos que facer unha viaxe fora de Galiza, que sexa a Portugal, país irmán no que tanto temos de aprender.

Que cada amigo que teña un gramófono, merque discos con música galega.

Apoíemos sempre a cantos irmáns loitan e se esforzan por Galiza. Procuremos que desaparezan rivalidás e xenreiras entre os bons galegos.

Loitemos contra o localismo: Galiza ten de sentirse integramente, en toda a súa totalidade.

Que as orquestas, bandas, etc., toquen sempre algunha peza galega.

Que non haxa un galego que non seipa o hino do noso país.

Preguemos aos nosos santos: S. Rosendo, S. Pedro de Mezonzo, a Virxe da Escravitú, Nosa Señora de Bonaval, etc.

Adeprendamos todos a bailar as nosas danzas.

Teñamos no noso escritorio retratos dos nosos: Rosalía, Pondal, Brañas, Curros, etc.

Coleizoemos autógrafos e lembranzas de escritores galegos: é un xeito de familiarizarnos con eles.

En todas as nosas festas mandemos unhas liñas galegas a todos os irmáns que andan lonxe.

Axudemos ao Seminario de Estudos Galegos.

Que os estudantes sexan alumnos da nosa Universidade.

Que os rapaces se fagan de *Ultreya*, orgaización nacional afastada da políteca.

LOIS ULLOA.

CRÓNECA DE VALENZA

Novamente os centros patrióticos valenzáns abriron as suas portas, e toda unha pléiade de mocedades, dispónse a aitar con toda enerxía, en defensa dos principios nazionalistas libertadores.

«Centre d' Actuació Valencianista», «Acció Nacionalista Valenciana», «Agrupació Valencianista Republicana», «Lo Rat Penat», «Agrupació Valencianista Escolar», «Associació Protectora de l' Ensenyança Valenciana», entre outras, orgaizan e forman os seus cadros de patriotas nazionalistas, dispostos á defensa da nosa Patria, o «País Valenciá».

Somellaba, asín querfan ollalo os inimigos das liberdades dos pobos, que o derradeiro movemento tiña que ser un rudo golpe prá prosperidade das nazóns peninsulares. Ren máis lonxe da realidade, pol-o menos en canto ao noso País Valenzán se refire. Eiquí non somentes é que todol-os nazionalistas teñen cumprido coa súa obriga, sinón que as nosas fías engrosan con rapidez.

O pobo valenzán, pouco a pouco vai dando sinais de auténtica vida, vai despertando e vai normalizándose en vistas a realidades vidoiras que non son máis que as liberdades totalitarias que todos (Cataluña, Galiza, Euzkadí, Valenza) arelamos por igual.

* * *

O noso Consello directivo do «Centre d' Actuació Valencianista» ten publicado un manifesto dirixido á opinión afirmando os seus principios patrióticos e os seus programas culturás. Ao mesmo tempo a reación feminina do propio fogar patriótico xungufu a súa voz na búsqueda dos corazóns femininos pra que coas mocedades varóns axuden á grandeza e prosperidade da Patria.

O caedrático da Universidade de Valenza e distinto elemento nazionalista, Sr. Alcayde Vilar, pronunciou no Salón de Aitos Lite-

rarios da Universidade (Paraninfo), unha magnífica conferencia no noso idioma encol de «Valencia y la Universitat de Valencia».

O conferencista atacou rexamente ao réxime centralista e propuxo por un maior acercamento do pobo valenzán aos intereses universitarios. Propuxo a creación dos «Amies de la Universitat». Pidiu tamén, o Dr. Alcayde, a creación de Centros universitarios adicados ao estudo da propia cultura pra que a nosa Universidade sexa de Valenza e non de Valladolid ou Salamanca, como o é na actualidade, xa que non sinte a máis lixeira preocupación pol-as nosas solucións patrióticas culturais.

O catedrático de Filosofía, foi aplaudidísimo pol-a enorme concurrencia, na súa maioría composta por estudantes e profesores universitarios.

O Alcalde da cidade aderíuse, en nome do Concello, ás iniciativas do Dr. Vilar pra a prosperidade da Universidade e do País Valenzán.

Derradeiramente, o Sr. Reitor, Dr. Rodríguez Fornos, laiouse de non poder espresarse na língoa valenzá, como o tiñan feito o disertante, Sr. Alcayde, e o Alcalde, Sr. Gisbert, xa que o ser natural de Salamanca imposibilitábao de facelo. Non embargantes, amosou a súa conformidade e agradecimento aos Srs. Alcayde e Gisbert.

A conferencia tivo unha resoanza en todol-os centros culturais e universitarios, maior da que se agardaba, dada a gran reputación do Prof. Vilar e a súa coñecidísima situación valenzanista e universitaria ao fronte da «Cátedra Lluís Vives».

O catedrático, Dr. Alcayde, foi fai anos profesor na Universidade Galega, da que garda ateigadas lembranzas, até o eistremo de citala cáxeque de contino nos seus cursiños e conferencias.

ROBERT MORODER.

EDITORIAL NÓS

RÚA DO VILLAR, 15 ★ SANTIAGO

LOTE N.º 1.

Otero Pedrayo.— A Romeiría de Xelmírez	7.00 ptas.
Vicente Risco.— Mitteleuropa	6.00 »
Antón Villar Ponte.— Os Evanxeos da risa ausoluta	5.00 »
G. López Abente.— Vaosilveiro	2.50 »
Augusto Casas.— Vento Segrel	2.50 »
Xulio Sigüenza.— Cántigas e verbas ao ar	2.00 »
Ramón Villar Ponte.— Historia Sintética de Galicia	6.00 »
Ramón Cabanillas e A. Villar Ponte.— O Mariscal	1.00 »
Total	32.00 ptas.

ALENTO sirve este lote mañifeco de libros en **25 pesetas**, a todol-os seus suscritores que o desexen, enviando nota dun suscriptor novo co pago adiantado dun semestre (2.50 ptas.) e o seu enderezo.

Escriban :

Sr. Director de **ALENTO**

Algalia de Arriba, 35-1.º

Santiago

Envíolle o importe da miña suscrizón no primeiro semestre (2.50 ptas.), máis a do meu amigo
que mora en rúa
e 25 pesetas pra que me remitan o Lote n.º 1 da **Editorial NOS**, que anuncia a Revista no seu número catro. O total de 30 pesetas recibirano por xiro postal.

Data e sifatura.

